

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**


Día: 28.09.2017 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de setembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas

- 1.1 13037 (10/POC-002251)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas postas en marcha e previstas pola CRTVG destinadas a facer accesibles para as persoas xordas os contidos da TVG e a difusión nos seus medios das novas de interese social
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 1.2 13353 (10/POC-002346)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a cobertura informativa da CRTVG da comparecencia do presidente do Goberno como testemuña no caso Gürtel
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 1.3 15374 (10/POC-002785)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula
Sobre a información emitida o día 30 de agosto de 2017 no "Telexornal mediodía" da TVG en relación coas manifestacións cidadás convocadas en contra da Lei de saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017
- 1.4 15394 (10/POC-002790)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula
Sobre as previsións da CRTVG referidas ao desenvolvemento do Plan de formación dixital
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017
- 1.5 16412 (10/POC-002874)



Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre as novidades introducidas na nova programación de outono da
CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/09/2017 16:44:00

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG
Día: 28.09.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 13037(10/POC-002251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas postas en marcha e previstas pola CRTVG
destinadas a facer accesibles para as persoas xordas os
contidos da TVG e a difusión nos seus medios das novas de
interese social

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 11:16
Nº Rexistro: 13037
Data envío: 24/07/2017 11:16:10.643



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade establece a obriga dos estados de facilitar a aprendizaxe da lingua de signos así como promover a identidade lingüística das persoas xordas a fin de propiciar a súa participación plena e en igualdade de condicións na educación e como membros da comunidade, un mandato que debe comprometer e ser asumido por todas as administracións públicas.

De igual forma, convén ter en conta o *Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social e a Lei 27/2007* que recoñece as linguas de signos españolas e os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e sordocegas.

No ámbito autonómico, segundo se recolle no *Capítulo IV relativo ás Disposicións sobre accesibilidade na comunicación* contido na *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade*, “os medios de comunicación audiovisual dependentes das administracións públicas de Galicia realizarán e manterán, debidamente actualizado, un plan de medidas técnicas que permita gradualmente, mediante a incorporación da subtitulación, a audiodescrición e a interpretación en lingua de signos, garantirlles o dereito á información ás persoas con discapacidade, nos termos establecidos especificamente na lexislación xeral audiovisual”

Na propia *Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisuais de Galicia* recóllese no seu artigo 4 a garantía do dereito das persoas con discapacidade ao aceso de forma efectiva aos contidos emitidos.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O colectivo de persoas xordas é heteroxéneo e diverso, debido a unha serie de factores persoais e contextuais. Sexa cal for a situación, todas e cada unha delas precisan acceder á información e á comunicación para desenvolver unha vida independente e ser parte activa do mundo, debendo garantirse por parte da CRTVG o acceso aos seus contidos, en especial aos relativos á información de interese público.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantas horas de programación á semana da televisión pública galega contan con lingua de signos?
2. Cantas horas de programación á semana da televisión pública galega se subtitula?
3. Por que de todos os informativos que se emiten na TVG soamente o telexornal de mediodía conta con lingua de signos?
4. Ten previsto a CRTVG estender a lingua de signos a todos os informativos que se emiten na televisión galega?
5. En caso afirmativo, cando ten previsto levar a cabo dita medida?
6. Que outras medidas ten previsto poñer en marcha a CRTVG para facer accesibles para as persoas xordas os contidos da TVG, e difundir nos seus medios aquelas novas que sexan de interese social?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/07/2017 11:10:20

Noela Blanco Rodríguez na data 24/07/2017 11:10:11

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 13353(10/POC-002346)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a cobertura informativa da CRTVG da comparecencia do
presidente do Goberno como testemuña no caso Gürtel

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 09:37
Nº Rexistro: 13353
Data envío: 01/08/2017 09:37:46.949



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O Estatuto de Autonomía, no seu artigo 4º,2 atribúe “ós poderes públicos de Galicia, a función de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos no que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todas e todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social.

O pasado día 26 de xullo Mariano Rajoy compareceu en calidade de testemuña no xuízo do caso Gürtel. Este supuxo un feito tan grave e insólito que nesa xornada para cubrir a nova estaban acreditados máis de 300 profesionais da comunicación de medios nacionais e estranxeiros.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos desafortunada, tendenciosa, así como manipulada a información emitida na radio e televisión públicas galegas a respecto da comparecencia do presidente do Goberno de España. Por poñer algúns exemplos, na TVG non se emitiron imaxes das protestas ás portas da Audiencia Nacional, e a información obviou a parte da declaración referente ao ex secretario de organización do PPdeG, Pablo Crespo. Ademais, os informativos da Radio Galega incluíron na súa crónica outras declaracións xudiciais de presidentes do Goberno de España e primeiros ministros estranxeiros, unha comparación que dende o Grupo Socialista consideramos forzada co obxecto de minimizar a primeira comparecencia dun presidente do Goberno español en exercicio.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG da cobertura informativa da comparecencia do presidente do Goberno, como testemuña do caso Gürtel, realizada pola radio e televisión públicas galegas?
2. Considera a CRTVG que foi axeitada a focaxe que os servizos informativos da radio e televisión públicas galegas empregaron para tratar a nova da comparecencia do Presidente do Goberno, como testemuña do caso Gürtel?
3. Por que decidiu a TVG non emitir imaxes das protestas á chegada de Mariano Rajoy á Audiencia Nacional?
4. Por que non se emitiron as respostas do presidente do Goberno galego cando na comparecencia se lle preguntou pola súa relación co ex secretario de organización do PPdeG?
5. Considera a CRTVG que a información que se emitiu na radio e televisión públicas galegas se rexeu por criterios de rigor e transparencia informativa?
6. Que medidas ten previsto poñer en marcha para o mantemento do pluralismo ideolóxico e social na compañía de radiotelevisión pública galega?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2017 09:33:57

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/08/2017 09:34:03

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 15374(10/POC-002785)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre a información emitida o día 30 de agosto de 2017 no
"Telexornal mediodía" da TVG en relación coas manifestacións
cidadás convocadas en contra da Lei de saúde

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:30
Nº Rexistro: 15374
Data envío: 05/09/2017 12:30:02.097



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputadas do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa RESPOSTA ORAL na COMISIÓN de control da CRTVG**, relativa á ocultación nas novas da RTVG da presenza de representantes de En Marea en diversos actos.

O pasado mércores 30 de agosto convocáronse numerosas concentracións en contra da mal chamada Lei de Saúde do Partido Popular. As mobilizacións contaron co apoio dos sindicatos e dos profesionais sanitarios, así como da sociedade civil e de tódolos grupos da oposición.

O mesmo mércores, o Telexornal Mediodía recollía o acontecido con imaxes das manifestacións de Burela e do Salnés e con declaracións de Fernández Leiceaga, de Ana Pontón e do delegado da Xunta en Lugo. Non se emitiu unha soa imaxe dos representantes institucionais de En Marea, que estiveron presentes nas manifestacións de Vilagarcía e Manzaneda, nin se mencionou o súa posición en contra da citada Lei.

O baleiro informativo non foi corrixido durante os días seguintes, aínda que a TVG continuou considerando noticiable o debate en torno á Lei de Saúde. Así o demostra a emisión da seguinte nova o venres un de setembro no Telexornal Mediodía: “Alcaldes populares do sur de Lugo apoian a nova Lei de Saúde e din que mellorará os servizos”.



Dende o punto de vista informativo, custa entender que a posición a favor que manteñen un grupo de alcaldes dunha zona moi concreta de Galicia sexa considerado noticia e a posición política do principal partido da oposición non sexa nin sequera citada. Custa entendelo porque o grupo de alcaldes que está a favor da lei forma parte do partido do goberno que a está a defender. O noticiable, polo tanto, non é que eses alcaldes estean a favor. Iso é o que se espera neste tipo de situacións. O noticiable sería que estiveran en contra desafiando a liña política marcada pola súa organización.

Aínda que ao Consello de administración da RTVG se lle esqueza, con demasiada frecuencia, a labor dos informativos galegos no consiste en actuar como relacións públicas do Goberno do Partido Popular. A súa labor é a de facer periodismo e a de ofrecer, polo tanto, tódolos puntos de vista.

Por todo o exposto con anterioridade as deputadas asinantes presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión.**

- Por que motivo non se informou acerca da presenza dos deputados e deputadas de En Marea nas manifestacións contra a Lei de Saúde?
- Por que nin tan sequera foi mencionada a súa posición política nos días posteriores?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Anxéles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:30
Nº Rexistro: 15374
Data envío: 05/09/2017 12:30:02.097

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/09/2017 12:28:09

Paula Vázquez Verao na data 05/09/2017 12:28:17

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 15394(10/POC-002790)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da CRTVG referidas ao desenvolvemento do
Plan de formación dixital

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15394
Data envío: 05/09/2017 12:45:26.250



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputadas do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, relativa ao Plan de Formación Dixital.

Hai un ano (23 de setembro de 2016), nunha entrevista que un xornal galego lle fixo a Tone Kunst (directora da radio Televisión pública de Noruega), afirmaba que a televisión ten futuro, pero debe reinventarse. Afirmaba tamén que o modelo de radiotelevisión que coñecemos, vai desaparecer. Consideraba que o máis importante é o on line e móbil, e que hai que contar historias doutra maneira. Por iso fan contidos diferentes para cada plataforma.

A nosa realidade é moi diferente á nórdica. A súa misión como servizo público é tamén periodismo de investigación, primicias, programas e series. Os políticos non se entremeten na independencia dos medios público, téñeno ben asumido. O director xeral escóllese por seis anos e dá igual quen governe, non cambian as persoas cando chegan ao poder. Nós vivimos na instrumentalización ideolóxica.

A transformación dixital en España está modificando a sectores industriais, socioculturais, empresariais. Entre os días 4 e 6 de setembro actual (2017), no Pazo da Magdalena de Santander, institucións públicas, empresas e organizacións, en distintos graos de evolución nos seus procesos de transformación dixital, están sendo as protagonistas do “31 Encuentro de la Economía Digital y las Telecomunicaciones” que forma parte do programa da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15394
Data envío: 05/09/2017 12:45:26.250



Conscientes do necesario impulso da dixitalización tamén no noso país, xa que é un reto importante para a supervivencia da Corporación da Radio Televisión Galega, hai que facer constar que non houbo nestes anos unha evolución que facilitase a progresión. Si houbo un retraso na implementación da dixitalización (que xa se ía facer co goberno bipartito).

É certo que os nosos mozos e mozas forman parte da xeración do pixel; educados no videoxogo e videoclip. Os seus ollos e cerebros poden procesar moita información en pouco tempo. Len só titulares, inventan linguaxes crípticas e manexan menos da metade do vocabulario dun adulto/a de máis de 30 anos. Resultado da sociedade da información na que os medios, tamén os públicos, están mergullados na incertidume derivada da necesidade desa transformación que garanta a súa supervivencia.

Preocúpanos a calidade da información dos nosos medios públicos; a trivialización dos contidos, a ausencia de crítica e, preocúpanos moito, as condicións de traballo dos profesionais da comunicación porque compartimos a idea de que só desde un emprego estable e de calidade estarán en mellor disposición de cumprir coas súas obrigas coa sociedade como traballadores dos medios de comunicación públicos, informando con independencia e veracidade, dereito (e deber) que en moitos momentos se lles nega.

A FORMACIÓN É IMPRESCINDIBLE. Precísase adquisición de novas habilidades para a súa cualificación, así como identificar os factores que obrigan a súa reconversión xa que van mudar os perfís dos profesionais sobre o sistema do traballo creador. Vai supor unha fonda transformación, sobre todo no que se refire aos traballadores e traballadoras.

Marisol Pereiro, responsable de Formación da CRTVG anunciou un avance do plan de formación que se vai desenvolver entre o 2 de outubro de 2017 e o 14 de febreiro de 2018.



Por todo o exposto con anterioridade, as deputadas asinantes presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión.**

1.ª) Como se vai implementar o plan de formación dixital? A ritmo de vertixe? A dedo?

2.ª) Que consecuencias terá a adaptación do persoal ao proceso dixitalizador? É posible unha adaptación sen traumas?

3.ª) Como van aprender a facer todo tipo de tarefas os e as profesionais da CRTVG? Serán homes e mulleres todo terreo capaces de comunicar desde todas as plataformas (radio, tele, web e redes sociais)?

4.ª) Imporase un novo perfil profesional?

5.ª) Coa dixitalización, hai que pasar de técnicos a videoxornalistas, como en Noruega ou Suecia?

6.ª) Reduciranse postos de traballo?

7.ª) Crearán equipos pequenos e lixeiros que permiten case que unha persoa xere novas e contidos para distribuír en todos os formatos nas diversas plataformas?

8.ª) Será unha oportunidade de reciclarse laboralmente, de saír das funcións habituais históricas?

9.ª) Como van adaptar as categorías profesionais e funcións?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15394
Data envío: 05/09/2017 12:45:26.250



10.^a) Van saltarse A RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL?

11.^a) Pensan NEGOCIAR OS CAMBIOS?

12.^a) VAN SELECCIONAR A DEDO que operadores desenvolverán unhas ou outras funcións?

13.^a) Por que este PLAN SÓ PREVÉ FORMACIÓN NA TVG (NON NA RG)?

Santiago de Compostela, 5 de Setembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/09/2017 12:44:38

Paula Vázquez Verao na data 05/09/2017 12:44:46

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG
Día: 28.09.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 16412(10/POC-002874)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as novidades introducidas na nova programación de
outono da CRTVG

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:29
Nº Rexistro: 16412
Data envío: 13/09/2017 17:29:01.120

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Silvestre Balseiros Guinarte, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de control da Corporación da CRTVG**.

A Corporación de medios públicos de radio e televisión en Galicia (CRTVG) estreou este mes de setembro a súa nova programación de outono na que se manteñen propostas consolidadas, variando nalgúns casos estruturas ou introducindo novidades significativas, pero na que tamén se aposta por novos programas.

Así, no que atinxe a TVG, por exemplo, os concursos collen peso na sobremesa e estréase “Camiños de Irmandade”, unha nova serie bilingüe, en galego e portugués, co Camiño de Santiago como telón de fondo, e froito da colaboración entre a nosa televisión e a Radio Televisión Portuguesa.

A Radio Galega, pola súa banda, introduce, entre outras novidades, varios programa temáticos relacionados cos nosos principais recursos produtivos como son o mar e o agro con “Mar de Ardora” e “Ferrado e medio” respectivamente, e mesmo resérvase na grella da programación tempo para os novos emigrantes en “Un país mundial” e para a nosa produción literaria con “Chamando á terra”.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as novidades que se introducen na nova programación de outono que ven de estrear a CRTVG?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2017 17:26:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:29
Nº Rexistro: 16412
Data envío: 13/09/2017 17:29:01.120

Maria Antón Vilasánchez na data 13/09/2017 17:26:47

Silvestre Balseiros Guinarte na data 13/09/2017 17:26:54

Jaime Castiñeira Broz na data 13/09/2017 17:27:01

María Guadalupe Murillo Solís na data 13/09/2017 17:27:10

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/09/2017 17:27:20

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/09/2017 17:27:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com